

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE SETEMBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba a addenda ao convenio asinado o 30 de decembro de 2015 entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S. A., polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-225. Treito: Alba-San Caetano. Puntos quilométricos 0+000 -1+080", de clave: PO/16/264.06, no concello de Pontevedra.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Boborás da totalidade da estrada OU-214 A Almuzara (N-541)-Estación de Boborás.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados polas obras do proxecto de implantación dos plans de emerxencia das presas de Caldas de Reis, Eiras, Baiona e O Con. Clave: OH.136.1115.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se crea un Grupo de Traballo interdepartamental para avaliar a incidencia en Galicia da retirada da Unión Europea por parte do Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda do Norte (Grupo de Traballo Brexit).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, para superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados, así como para eximir as entidades con ánimo de lucro de constituír garantías para o cobramento dos anticipos, con respecto ao Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas para o período 2019-2021, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á primeira convocatoria, correspondente aos exercicios 2019-2020, por importe total de cinco millóns de euros (5.000.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga), para a colaboración no fomento da transferencia e internacionalización da I+D+i dos centros tecnolóxicos de Galicia, por importe de tres centos cincuenta e tres mil euros (353.000 €), para o período 2019–2020 e que se exima a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga) da presentación de garantías dos pagamentos anticipados establecidos no convenio.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para aumentar as porcentaxes e os importes máximos dos pagamentos anticipados na orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2019, por un importe de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da terceira addenda ao Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao Convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e especialmente nas da familia profesional Madeira, moble e cortiza, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao Convenio, asinado o 19 de setembro de 2018, entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de Madeira, moble e cortiza, por un importe total de vinte mil euros (20.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER), para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados no centro de ASPABER radicado en Carballo, A Coruña, polo importe máximo de seis mil catrocentos oito euros (6.408 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado no centro de educación especial HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración asinado o 1 de outubro de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Ordenación Formación Profesional e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao centro de educación especial Pontevedra, de Pontevedra, polo importe máximo de dezanove mil novecentos trinta e seis euros (19.936 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Sada para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e cinco mil seiscientos euros (35.600 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, así como a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, derivados da orde reguladora da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, que incorpora fondos procedentes do tramo autonómico de asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de dous millóns de euros (2.000.000 €).



- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, así como a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, derivados da orde reguladora da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de dous millóns douscentos trece mil catrocentos sesenta e tres euros (2.213.463 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia en relación coa orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e os trastornos adictivos, con cargo á asignación tributaria do 0.7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, por importe de trescentos setenta e sete mil trescentos setenta e cinco euros con setenta e cinco céntimos (377.375,75 €).
- Acordo polo que se aproban os proxectos de obras correspondentes ao Proxecto básico e de execución da fase I do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (1421) e o Proxecto anexo de obras de urbanización exterior (1444), para os efectos do establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas xestionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Importe total: once millóns cincocentos setenta e dous mil catrocentos cincuenta e nove euros (11.572.459 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da acción de investigación “Optimización da produción de semente de moluscos bivalvos: Descrición de cambios anatómicos e estruturais durante o desenvolvemento

larvario e metamorfose. Identificación e caracterización de receptores que determinan a competencia larvaria”. Código CIMA 19/03, por un importe de trinta e seis mil seiscientos cincuenta euros (36.650 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde do 30 de novembro de 2018, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2019.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, QUE INCLÚE SALAS DE CONCERTO, PARQUES MULTIOCIO E FURANCHOS

- ***O documento regula e organiza as distintas actividades e elimina categorías con escasa incidencia en Galicia como os karaokes ou tablaos flamencos***
- ***A nova orde de horarios, que está en trámite de exposición pública, dará maior autonomía aos concellos ao permitirlles conceder ampliacións e reducións sobre os horarios xerais***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto do novo Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos na comunidade galega que regula e organiza as distintas actividades e elimina categorías con escasa incidencia ou que se poden encadrar noutras tipoloxías xa existentes.

Entre as principais novidades destaca a eliminación de figuras como os karaokes ou tablaos flamencos, xa que a súa incidencia en Galicia non xustifica unha tipoloxía propia e, ademais, poden encadrarse noutras xa existentes, como os pubs ou os cafés-espectáculo respectivamente. Ao mesmo tempo, incorpóranse novas figuras como os espectáculos pirotécnicos, as salas de concertos, os parques multiocio ou os furanchos.

Tamén se establecen os criterios para determinar a capacidade dos establecementos e espazos abertos ao público. Nos establecementos determínase tendo en conta se os usuarios están de pé ou sentados e nos espazos abertos ao público fíxase unha ratio de dúas persoas por metro cadrado. O decreto prevé a posibilidade de que nos establecementos se poidan desenvolver máis dun tipo de espectáculo ou actividade compatibles entre si, por exemplo cafetería e restaurante, así como a opción de celebrar outras actividades económicas fóra do ámbito da Lei de espectáculos.

Ademais, especifica o que se entende por espectáculo ou actividade de escasa entidade, é dicir, que se celebre en espazos cunha capacidade inferior a 75 persoas e que as actuacións non requiran escenario desmontable nin a montaxe de instalacións extraordinarias. Para as actividades de carácter extraordinario que se desenvolven de xeito esporádico establécese un límite máximo de seis ao ano. En calquera caso, no suposto de que un espectáculo, actividade ou establecemento non se poida encadrar nalgunha das tipoloxías que enumera o catálogo, o propio proxecto dispón que a xefatura territorial resolverá a súa asimilación dentro das tipoloxías xa existentes.

O catálogo inclúe como espectáculos públicos os cinematográficos, teatrais, musicais, taurinos, circenses, deportivos, feirais e de exhibicións e os pirotécnicos; como actividades recreativas as culturais e sociais, as deportivas, de ocio e entretemento, as festas e verbenas populares, os xogos de sorte, envite o azar ou as actividades de restauración; dentro dos establecementos os de espectáculos públicos (teatros, cinemas ou auditorios) e

de actividades recreativas (de xogo, para actividades deportivas e de restauración). O decreto entrará en vigor o mes seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS BONIFICACIÓNS DO 50% EN HORARIO NOCTURNO NAS PEAXES DAS DÚAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS PARA COMEZAR A APLICALAS O 1 DE OUTUBRO

- ***Esta iniciativa do executivo autonómico permitirá subvencionar o percorrido polas autoestradas A Coruña-Carballo e do Val Miñor entre as 12 da noite e as 6 da mañá***
- ***Esta nova bonificación súmase ás que xa se aplican nas viaxes de ida e volta realizadas no mesmo día, de entre o 25% e o 50% e coas que se bonifican case 700.000 viaxes cada ano***
- ***Pola suma destas bonificacións a Xunta de Galicia deberá aboar á sociedade concesionaria neste ano 2019 de preto dun millón de euros***
- ***A Xunta conta coas autoestradas de peaxes das máis baixas de España e busca atraer cara ás vías de altas prestacións, máis seguras, todos os vehículos e camións posibles de cantos circulan nas “horas val” polas vías convencionais***
- ***Estas autoestradas dan servizo a centros de actividade económica como o Porto Exterior da Coruña, o polígono de Sabón e o de Porto do Molle, que se verán beneficiados por esta medida***

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova bonificación nocturna para as peaxes nas autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57), que será de aplicación a partir do próximo día 1 de outubro en todos os traxectos que discorran por elas entre as 12 da noite e as 6 da madrugada.

O Goberno galego vén de dar así o visto e praxe á sinatura dunha addenda do convenio de colaboración existente entre a Xunta e Autoestradas de Galicia, que regula as subvencións das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57, mantendo as bonificacións de peaxe para itinerarios frecuentes, de volta no mesmo día, e que agora se mellora coas bonificacións en horario nocturno.

Deste xeito, a partir do 1 de outubro de 2019, prevese a implantación deste nova bonificación, neste caso do 50% en horario nocturno, entre as 0:00 e as 6:00 horas de mañá, que se aplicará a todos os vehículos, lixeiros e pesados, que contén un sistema de pagamento con telepeaxe.

Cómpre lembrar que na actualidade e desde o ano 2010, nestas autoestradas de titularidade autonómica aplícase xa nos días hábiles unha rebaixa do 25% do importe da viaxe de volta dun traxecto de ida e volta, que se incrementa nun 50% no segundo e posteriores viaxes de volta en ambas as dúas autoestradas co uso do Vía-T.

Con esta medida bonifícanse case 700.000 viaxes cada ano: en concreto no ano 2018 o Goberno galego xa bonificou unhas 682.723 viaxes realizadas por algo máis de 117.000 condutores.

Coa sinatura da addenda autorizada hoxe polo executivo autonómico, o importe estimado que deberá aboar a Xunta de Galicia á sociedade concesionaria neste ano 2019 por ambas as bonificacións é de preto dun millón de euros.

A Xunta conta coas autoestradas de peaxe coas tarifas das máis baixas de España e con estas bonificacións nas chamadas “horas val” de tráfico persegue atraer cara ás vías de altas prestacións, máis seguras, todos os vehículos e camiións posibles de cantos circulan a esas horas polas estradas convencionais, marcadas polo gran número de travesías que cruzan.

Neste sentido, as autoestradas A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona dan servizo a centros de actividade económica como o Porto Exterior da Coruña, o polígono de Sabón e o Porto do Molle, que se verán beneficiados por esta medida. A medida aprobada hoxe pola Xunta quere promover o uso destas autoestradas en horarios nos cales se atopa infrautilizada para mellorar a seguridade viaria.

Esta iniciativa do Goberno galego de aplicar unha nova bonificación en horario nocturno susténtase na coherencia coas demandas trasladadas ao Ministerio de Fomento en relación coa flexibilización de peaxes na AP-9. É unha medida de apoio ao sector do transporte, cuxa competitividade se atopa en Galicia condicionada polos prezos dos carburantes e das peaxes, especialmente da AP-9.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL ENTRE ALBA E SAN CAETANO, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA, CUN INVESTIMENTO DUNS 640.000 EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación das obras a finais deste ano para a súa execución en 2020*
- *A Xunta publicou en agosto no Diario Oficial de Galicia a aprobación da información pública e o proxecto de construción deste itinerario*
- *Trátase da construción dun itinerario duns 600 metros que coincide coa traza do Camiño Portugués*
- *O itinerario, que ten como fin incrementar a seguridade dos veciños e peregrinos nos seus desprazamentos, estará rematado para ser empregado no Xacobeo 2021*
- *O proxecto complementa a variante de Alba, que tamén mellorará a seguridade viaria na estrada PO-225 ao eliminar gran parte do seu tráfico*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar na estrada autonómica PO-225 o proxecto de construción dunha senda peonil entre Alba e San Caetano, no concello de Pontevedra.

Esta actuación conta cun orzamento duns 640.000 euros, no cal se inclúe o pagamento aos titulares das 36 leiras necesarias para executar esta actuación. Trátase dun itinerario planificado polo Goberno galego no marco do Plan de sendas na comarca de Pontevedra, cofinanciadas con Fondos Feder 2014/2020.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación das obras a finais deste ano para a súa execución en 2020. Cómpre lembrar que no mes de agosto xa se publicou no *Diario Oficial de Galicia* a aprobación da información pública e o proxecto de construción deste itinerario.

A actuación céntrase na execución dunha senda duns 600 metros no treito da estrada PO-225, que conecta as poboacións de Alba e San Caetano e as empresas situadas na zona, e que coincide coa traza do Camiño de Santiago Portugués.

A senda executarase pola marxe esquerda da estrada autonómica, entre os puntos quilométricos 0+370 e o 0+940, esquerda, e dende o 0+820 ao 0+910 na marxe dereita.

Para acometer este itinerario será necesario rectificar a curva existente entre os puntos quilométricos 0+860 e 0+940; reordenar a intersección no punto 0+910, mellorando a súa seguridade; e instalar unha pasarela de 13,10 m de lonxitude sobre o río Cortes, que permite evitar o tránsito de peóns por un punto estreito da estrada.

O obxectivo prioritario das expropiacións aprobadas hoxe polo executivo autonómico é incrementar a seguridade de veciños e dos peregrinos nos seus desprazamentos polo Camiño Portugués a Santiago ao seu paso por Alba e San Caetano. O propósito da Xunta é

tamén que o itinerario estea listo para ser empregado polos peregrinos que acudan a Compostela no Xacobeo de 2021.

Este proxecto complementa o da variante de Alba, que tamén mellorará a seguridade viaria na estrada PO-225 ao eliminar grande parte do seu tráfico.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE BOBORÁS DA ESTRADA OU-214, QUE SE ACONDICIONARÁ MEDIANTE UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 210.000 EUROS

- *A transferencia enmárcase no convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello para a execución dunha senda peonil e a renovación total do firme da vía*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais*
- *Coa transferencia, o concello ourensán será o responsable da súa conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Boborás da totalidade da estrada OU-214, que comeza na estrada N-541 e remata na estación de ferrocarril.

Este cambio de titularidade materialízase tras a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Administración local para a execución dunha senda peonil e a renovación completa do firme desta estrada ao seu paso polo municipio ourensán, cun investimento autonómico de 210.000 euros.

O departamento de Infraestruturas da Xunta informou favorablemente da transferencia desta vía, que ten unha lonxitude de 900 metros, e cuxa titularidade se comprometeu a asumir o Concello no citado convenio.

A estrada OU-214 foi construída para dar servizo á estación de tren de Boborás, que se atopa inoperativa, e presenta características urbanas en case toda a súa lonxitude e o tráfico e maioritariamente local. A transferencia aprobada hoxe polo Goberno galego garante así unha xestión coherente e eficiente desta vía e favorecer a explotación das infraestruturas dende o punto de vista municipal.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais, e a transferencia a prol do Concello de Boborás tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Coa transferencia, o Concello ourensán será o responsable da súa conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de modo acorde coas súas características, sen que sexan xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como, por exemplo, as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA AVANZAR NAS OBRAS DE IMPLANTACIÓN DOS PLANS DE EMERXENCIA DAS PRESAS DE CALDAS DE REIS, EIRAS, BAIONA E O CON

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade xa está a executar estas actuacións, cun investimento de máis de 785.000 euros***
- ***As expropiacións aprobadas hoxe polo Goberno galego son necesarias para completar o sistema de aviso acústico á poboación***
- ***Neste momento están instaladas 13 das 17 sirenas electrónicas previstas e quedan só pendentes a instalación dunha segunda en Caldas e O Con, e dúas no encoro de Eiras***
- ***A posta en marcha destes plans é un requisito legal co fin de minimizar as potenciais afeccións en caso de rotura ou funcionamento incorrecto***
- ***Os traballos inclúen o establecemento dun centro de xestión de emerxencias na sede de Augas de Galicia e a adecuación das salas de control das 4 presas, para permitir as comunicacións cos organismos implicados no caso de alerta***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos necesarios para executar as obras do proxecto de implantación dos plans de emerxencia das presas de Caldas de Reis, Eiras (Vigo), Baiona e O Con (Vilagarcía de Arousa).

O executivo autonómico segue a avanzar nas tramitacións dos plans de emerxencia que xa está a executar a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cun investimento de máis de 785.000 euros.

As expropiacións aprobadas hoxe polo Goberno galego son necesarias para completar a instalación do sistema de aviso acústico á poboación. Neste momento están colocadas 13 das 17 sirenas electrónicas previstas nas distintas presas e quedan só pendentes a instalación dunha segunda en Caldas e O Con, e dúas no encoro de Eiras.

A necesidade de implantar o plan de emerxencias é un requisito legal que se elabora en función das potenciais afeccións en caso de rotura ou funcionamento incorrecto.

A directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións e o regulamento técnico sobre seguridade de presas e encoros son as normas actualmente en vigor.

As presas dos encoros de Caldas de Reis, Eiras, Baiona e o Con están situadas dentro da Demarcación Galicia-Costa e son as únicas de todas as existentes nesta demarcación de titularidade da propia Comunidade Autónoma de Galicia.

A implantación dos plans de emerxencia das presas comprende un centro de xestión de emerxencias (sala de emerxencias), un sistema de comunicacións do titular da presa ou balsa cos diferentes organismos implicados na xestión dunha eventual situación de emerxencia e un sistema de aviso á poboación na zona potencialmente afectada na primeira media hora.

O organismo hidráulico da Xunta está a levar a cabo as actuacións necesarias no establecemento das actuacións previstas nos respectivos plans de emerxencia.

Augas de Galicia dispón dun centro de control en Santiago, dende o cal se vivía o estado das catro presas. Este centro é o lugar de xestión e toma de decisións dos plans de emerxencia e dispón do sistema necesario para xestionar calquera emerxencia e o telecontrol do equipamento permitindo o seguimento dos indicadores establecidos no plan, a realización de alertas por superación de limiares, a declaración da situación dos distintos escenarios de emerxencia, e, de darse o caso, o aviso á poboación.

Na instauración destes plans de emerxencia inclúense o acondicionamento como salas de emerxencia dos catro edificios existentes en cada unha das presas e destinados actualmente á explotación, e a implantación dun sistema de aviso á poboación. Este sistema de aviso á poboación é de tipo acústico e consiste na instalación dun total de 17 sirenas electrónicas, 5 en cada instalación no caso das presas de Caldas de Reis, Eiras e O Con e 2 en Baiona.

As actuacións para a implantación destes plans tamén prevén tarefas relativas á formación e capacitación da poboación e das autoridades locais potencialmente afectadas por unha rotura, elaborando unha serie de documentación coa información divulgativa necesaria para levar a cabo este proceso e desenvolvendo un programa de actividades formativas nos distintos concellos.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico será de aplicación no momento da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA ACORDA CREAR UN GRUPO DE TRABALLO PARA AVALIAR A INCIDENCIA NA NOSA COMUNIDADE DO BREXIT

- ***O Consello da Xunta acordou hoxe crear un grupo de traballo integrado por departamentos do Goberno galego co obxectivo de estudar a repercusión da retirada da UE do Reino Unido e Irlanda do Norte***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación dun grupo de traballo interdepartamental para a análise e seguimento do proceso de retirada da Unión Europea por parte do Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda do Norte, e a súa incidencia en Galicia. O Grupo Brexit estará operativo ata que finalice o proceso de abandono da UE polo Reino Unido e cesen os efectos do dito proceso para a nosa comunidade.

O Grupo de Traballo Brexit estará composto por membros dos departamentos do Goberno galego e ten como obxectivos avaliar o impacto do Brexit na nosa Comunidade, instar as medidas necesarias para minorar o impacto do Brexit, especialmente no caso dunha saída sen acordo, requirir ante as autoridades competentes a solución dos problemas que se detecten e poñer en valor mecanismos de información xa existentes no marco da Administración autonómica.

A Administración autonómica leva tempo traballando para avaliar os posibles efectos que poida ter a saída do Reino Unido da Unión Europea na economía galega. Entre outras actividades, en 2017 elaborouse unha análise do seu impacto, que foi trasladado ao Parlamento, e realizáronse informes específicos das posibles repercusións que poderá ter no sector pesqueiro.

Ademais, Galicia coordina un grupo de traballo específico dentro da Comisión do Arco Atlántico; vén desenvolvendo un papel moi activo no Comité Europeo das Rexións, organismo que traballa para resaltar a repercusión que podería ter o Brexit en municipios e rexións; asinou un memorando de cooperación co País de Gales para tentar mitigar os seus efectos; e creou o Foro Galego do Brexit, un observatorio para seguir todo este procedemento e as súas posibles consecuencias, así como unha plataforma dixital, coordinada polo Igape e dirixida ás empresas galegas interesadas en solicitar unha diagnose da súa situación e como deberían actuar ante o Brexit.

A presidencia do grupo de traballo recaerá no vicepresidente da Xunta; a vicepresidencia será asumida polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria e o secretario do Grupo de Traballo será o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

GALICIA OFRECERÁ A 4500 PERSOAS UNHA CUALIFICACIÓN ADAPTADA ÁS NECESIDADES REAIS DO TECIDO PRODUTIVO A TRAVÉS DA NOVA EDICIÓN DAS UNIDADES FORMATIVAS EN EMPRESAS

- ***A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, apoiará con 8M € a posta en marcha de 500 novos cursos de formación destinados tanto a traballadores como a persoas desempregadas***
- ***A través das anteriores edicións realizáronse 690 cursos, dos cales se beneficiaron 7157 persoas e nos cales se investiron 12,7M €***
- ***A actuación, que pon o foco nos sectores estratéxicos da Axenda Industria 4.0, busca impulsar o emprego estable e de calidade ao mesmo tempo que contribúe a mellorar a competitividade das empresas***

A Xunta, dentro do seu reto de contar cunha Galicia máis preparada, destina 8 millóns de euros a unha nova edición das unidades formativas na empresa, unha iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria que permitirá que as empresas galegas poñan en marcha 500 unidades formativas para cualificar arredor de 4500 persoas traballadoras e desempregadas, atendendo así ás demandas reais do tecido produtivo galego e poñendo o foco nos sectores estratéxicos da Axenda Industria 4.0.

Por unha banda, nas unidades formativas na empresa para desempregados, cuxa convocatoria se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) mañá venres, 6 de setembro, investiranse 3 millóns de euros. O obxectivo é formar 1500 parados a través de 100 cursos. As empresas beneficiarias comprométense a contratar polo menos o 40% dos alumnos e alumnas que participen na medida.

A Xunta, ademais, apoiará as compañías nas contratacións cando superen o compromiso fixado do 40%. Os contratos indefinidos financiaranse con axudas de entre 7000 e 18.000 euros. As contías máximas outórganse para os colectivos con especiais dificultades para atopar un emprego, como son os parados de longa duración, persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social, mulleres, maiores de 45 anos ou emigrantes retornados. Tamén se bonifica con máis apoio nas contratacións cando a empresa está no rural galego.

Ademais dos cursos destinados a persoas desempregadas, poñeranse en marcha 400 unidades formativas para que as empresas melloren a cualificación dos seus propios traballadores, nas cales se prevé que participen 3000 persoas. Será mediante unha convocatoria dotada con 5 millóns de euros e que se publicará nas próximas semanas, tras a aprobación hoxe no Consello da Xunta.

O programa de Unidades Formativas na Empresa é unha iniciativa pioneira que se enmarca na Axenda 20, a folia de ruta con que o Goberno galego está impulsando o emprego estable e de calidade. Desde a súa posta en marcha en 2018, a Xunta leva destinado preto de 12,7M€ para formar 7157 persoas desempregadas e ocupadas a través de 690 unidades

formativas co obxectivo de mellorar a competitividade empresarial, a cualificación dos traballadores e a empregabilidade dos galegos e galegas. Ademais, este programa permitiu a inclusión de 41 novas especialidades, por proposta das empresas, no catálogo formativo do Servizo Público de Emprego Estatal.

A XUNTA COLABORA COA ATIGA PARA FOMENTAR A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO, O TALENTO INNOVADOR E A INTERNACIONALIZACIÓN DA I+D+i GALEGA

- ***O Consello autoriza un novo convenio cun orzamento de 353.000 euros dos cales a Axencia Galega de Innovación (Gain), dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, achegará o 68% do investimento***
- ***Entre as liñas de actuación que se desenvolverán destaca o fomento da visibilidade e competitividade do sistema galego de investigación e innovación; o impulso da formación conxunta do persoal de todos os centros tecnolóxicos ou a promoción do potencial e traballo dos membros da Atiga***
- ***Desde o ano 2015 a Xunta vén apoiando os centros da Atiga cun investimento que supera o millón de euros para facer de Galicia un ecosistema innovador***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo de colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria coa Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga), que persegue fomentar a transferencia de coñecemento, así como o talento innovador e a internacionalización da I+D+i galega.

O convenio, que conta cun investimento de 353.000 euros dos cales o Goberno autonómico achega o 68% (241.500 euros), ten como obxectivo consolidar e potenciar a alianza dos centros tecnolóxicos de Galicia para xerar sinerxías, incrementar a competitividade no eido empresarial e industrial, potenciar a excelencia na investigación e valorizar os seus resultados. En concreto, incentivará a transferencia dos resultados da investigación ao mercado, desenvolverá o talento capacitando os traballadores e impulsará a colaboración co tecido industrial. Desta maneira, promóvese o reto da Xunta de contar cunha Galicia máis innovadora.

Entre as liñas de actuación recollidas no convenio, destaca o fomento da visibilidade e competitividade do sistema galego de I+D+i activando a presenza da Atiga en redes tecnolóxicas europeas e impulsando a participación de empresas galegas neste tipo de proxectos; favorecer a formación conxunta do persoal dos centros tecnolóxicos, así como promover e difundir a actividade, tecnoloxías e potencial dos membros da Atiga para axudar a innovar o tecido empresarial.

Deste xeito, o Goberno galego reforza o traballo que está a levar a cabo co obxectivo de que Galicia conte con centros tecnolóxicos fortes e excelentes, capaces de dar resposta ás necesidades do tecido empresarial e, en consecuencia, xerar un impacto positivo na economía galega. Neste sentido, a Atiga incrementou en 2018, con respecto a 2017, un 10,5% os seus ingresos e un 10,1% o emprego xerado; os proxectos de I+D+i medraron un 4,3%; o número de empresas e clientes aumentou un 6,8% e 1 de cada 5 proxectos desenvolvidos tiveron carácter internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Desde o ano 2015, cando se asinou por primeira vez este acordo de colaboración, a Xunta xa leva investido 1.061.150 euros nos centros tecnolóxicos da Atiga; iniciativa que se suma a outras como os contratos programa que este ano destinarán un 23,6% máis -ata os 8M €- para facer de Galicia unha potencia científico-técnica e apoiar o desenvolvemento dun verdadeiro ecosistema innovador.

A XUNTA APOIA A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 500 PERSOAS DESEMPREGADAS EN PRETO DE 170 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria, que destina a este programa 8,5M €, publicará nas próximas semanas as axudas con que se financiará a contratación durante 9 meses a tempo completo***
- ***Incrementábase o orzamento nun 3% con respecto ao ano pasado e vólvese priorizar os organismos que desenvolven proxectos singulares, é dicir, os que prestan servizos a outras entidades, contan con máis dunha área de actuación a nivel autonómico ou teñen máis de 100 traballadores***
- ***Esta iniciativa súmase á convocatoria para a contratación neste tipo de entidades de menores de 30 anos, cun orzamento de 2,5M € e que se resolverá proximamente***
- ***Estas medidas ofrecen ás persoas que contan con máis dificultades para atopar un traballo unha experiencia e práctica profesional que facilita a súa inserción no mercado laboral***

O Consello da Xunta vén de aprobar o programa de axudas de cooperación para as entidades sen ánimo de lucro, a que se destinan 8,5 millóns de euros, un 3% máis que o concedido o ano pasado, co que se prevé apoiar a contratación de máis de 500 persoas en preto de 170 entidades sen ánimo de lucro.

Esta iniciativa, que a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas, ten por obxecto a mellora da empregabilidade e o fomento do emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

A actuación ofrece ás persoas que contan con máis dificultades para atopar un traballo unha experiencia e práctica profesional durante 9 meses a tempo completo para facilitar a súa posterior inserción no mercado laboral. Estímase unha axuda media por entidade de preto de 51.000 euros.

Como xa sucedera na anterior convocatoria, nesta edición destínanse 3 millóns de euros do orzamento global da orde de axudas para as entidades que desenvolven proxectos singulares, é dicir, as que prestan servizos a outras entidades, contan con máis dunha área de actuación a nivel autonómico ou teñen máis de 100 profesionais no seu cadro de persoal.

Este programa, que forma parte da Axenda 20, dá continuidade ás políticas activas de emprego dirixidas a favorecer a calidade do mercado laboral. A actuación, ademais, complementábase coas axudas para a contratación nas entidades sen ánimo de lucro de menores de 30 anos incluídos no Sistema de garantía xuvenil, unha iniciativa que conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros e que se resolverá nas próximas semanas.

EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CON TRES ENTIDADES POR UN IMPORTE DE 86.000 EUROS PARA MELLORAR A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO DE FP

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de addendas aos convenios asinados coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral de la Construcción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada***
- ***As familias profesionais beneficiadas son as de Sanidade e Madeira, moble e cortiza***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura de addendas aos convenios de colaboración que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten subscritos coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral de la Construcción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, a través dos cales se ofrece unha mellor cualificación ao alumnado de ciclos formativos de FP das familias profesionais de Sanidade e de Madeira, moble e cortiza. O orzamento destinado á renovación destes acordos ascende a 86.050 euros.

A través desta colaboración facilitarase o acceso do alumnado ao espazo e equipamento destas fundacións ao longo do curso 2019/20, co fin de que poida adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais.

No caso do acordo coa Fundación Laboral de la Construcción, o obxectivo é que o alumnado do ciclo de grao medio de Carpintaría e moble do CIFP Politécnico de Lugo poida utilizar os espazos e equipamento preciso nas instalacións desta fundación. En concreto, nela impartirase parte da formación curricular do ciclo superior Deseño e amoblamento, que se oferta na modalidade de formación profesional dual, durante o período de setembro de 2019 a marzo de 2020, así como tres módulos do ciclo formativo de grao medio Carpintaría e moble.

Por outra banda, ao abeiro do convenio coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en Carpintaría e moble do IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) desenvolveranse de forma compartida entre as instalacións da fundación e as do instituto.

No que atinxe ao acordo coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', ten como finalidade que o alumnado que curse ensinanzas da familia profesional de Sanidade no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) poida utilizar as instalacións desta entidade. Deste xeito, impartirase nas instalacións da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro' o módulo de Dosimetría física e clínica e o de Simulación do tratamento, para os cales cómpren unhas instalacións especiais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

das cales non dispón o CIFP Ánxel Casal Monte-Alto. A Fundación achegará tamén o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos, mentres que a Consellería se fará cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

EDUCACIÓN ELEVA A MÁIS DE 218.000 EUROS O INVESTIMENTO PARA FACILITAR O COMEDOR ADAPTADO A 507 ESTUDANTES CON DISCAPACIDADES

- ***Súmanse a esta colaboración a Asociación Aspaber, Hogar y clínica San Rafael de Vigo e a Deputación de Pontevedra***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elevará a 218.802,94 euros o investimento para contribuír ao financiamento da prestación do servizo de comedor adaptado durante o curso 2019/20 a través da colaboración con 15 entidades, co que se dará servizo a 507 alumnas e alumnos.

Tras autorizar a renovación de 12 convenios, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura de convenios con outras tres entidades, por importe de 30.616 euros. En concreto súmanse a esta colaboración a Asociación Aspaber, Hogar y clínica San Rafael de Vigo e a Deputación de Pontevedra.

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

A Consellería compensará cada trimestre as entidades e asociacións polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 euros ou 2,37 euros (en función do número de usuarios) polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnas/os con discapacidade escolarizados por ditame de Administración educativa.

As devanditas asociacións comprométense a facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que para estas persoas supón un comedor escolar, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

EDUCACIÓN AMPLÍA A 15 CONCELLOS A COLABORACIÓN PARA FINANCIAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio con Sada para este fin***
- ***O vindeiro curso subvencionarase a prestación do comedor a 4.700 usuarios de 52 centros de ensino***
- ***O investimento total ascende a máis de 1,3 millóns de euros***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Sada para o financiamento do servizo de comedor que se presta no CEIP Sada y sus Contornos para 50 usuarias e usuarios. O acordo, que terá vixencia para os cursos 2019/20 e 2020/21, conta cun orzamento de 35.600 euros.

Coa esta autorización a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional amplía a 15 concellos a colaboración para o financiamento do servizo de comedor no curso 2019/20. Neste sentido cómpre lembrar que para o vindeiro ano académico están en vigor tamén convenios para este fin nos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Lugo, Manzaneda, Meaño, Mugar dos, Muíños, Oroso, Pontearreas, Santiago de Compostela e Sarria.

O financiamento total destes convenios supón para a Xunta un investimento de 1.326.683 euros, a través do cal se facilitará o acceso ao comedor a 4.700 usuarios de 52 centros de ensino das devanditas localidades. O compromiso da Consellería con este servizo é firme, e tradúcese nun incremento para o vindeiro curso do 17,25 % dos usuarios beneficiados por estes acordos e do 12,5% do orzamento destinado.

No marco destas colaboracións, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 4,2 MILLÓNS DE EUROS PARA PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGAS REALIZADOS POR CONCELLOS E ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

- ***Con este orzamento vanse financiar actividades que permitan mellorar a dispoñibilidade e a eficacia dos programas de prevención, prestando especial atención aos grupos máis vulnerables e fomentando a participación activa da sociedade***
- ***Tamén se subvencionarán programas de atención sociosanitaria de distintas entidades privadas sen ánimo de lucro, por un total de 377.375 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria 2019-2022 de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos e por entidades privadas sen ánimo de lucro. A contía das subvencións concedidas por Sanidade para os concellos ascende a 2.213.463 euros, e a 2.000.000 de euros para as entidades.

Na anterior edición desta convocatoria beneficiáronse das axudas un total de 14 entidades sen ánimo de lucro, e 27 entidades locais (7 concellos, 15 agrupacións de concellos e 5 mancomunidades.)

As actividades desenvolvidas no marco destas subvencións permitirán potenciar a protección e redución de impacto de factores de risco asociados ao consumo de substancias psicoactivas. Tamén van promocionar estilos de vida saudables e de ocupación de tempo libre entre a mocidade galega, ademais de fomentar a función de axentes de saúde das familias e doutros colectivos implicados na prevención, como docentes e asociacións. Estas actividades buscan, así mesmo, reducir a incidencia de problemas sociosanitarios relacionados co uso e o abuso de substancias psicoactivas.

Unha das novidades desta convocatoria é que pasa de ser bienal a trienal, coa intención de dotar de máis estabilidade os proxectos e os equipos que os desenvolven. Así mesmo, e para evitar que se perdan fondos destinados a este tipo de actividades, introduciuse a posibilidade de que, se houber un incremento do orzamento dispoñible e todas as entidades subvencionadas xa recibisen o 100% solicitado, a nova repartición faríase incluíndo estas entidades.

No caso concreto da convocatoria para as organizacións, cómpre destacar como novidade que o orzamento se incrementou nun 15%, como consecuencia da integración nesta orde da partida procedente da asignación tributaria do 0,7% do IRPF, destinada a programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e os trastornos adictivos.

Outro dos cambios introducidos para as organizacións é o dos novos criterios de baremación dos proxectos presentados, tales como a proporción do persoal con contrato indefinido, a

proporción de emprego de persoas con discapacidade; e o emprego de persoas perceptoras da Risga ou que se atopen en situación ou risco de exclusión social. Tamén se terá en conta o emprego de mulleres vítimas de violencia de xénero que non estean en situación ou risco de exclusión social, o emprego de maiores de 45 anos e a existencia nas entidades de plans de igualdade.

Esta convocatoria de subvencións enmárcase dentro do conxunto de actividades que se desenvolven no marco da planificación estratéxica sobre prevención de condutas adictivas, que inclúe tanto actuacións preventivas como de redución de riscos e diminución de danos; así como medidas legislativas e de vixilancia da normativa vixente en materia de condutas adictivas.

Estas subvencións permiten manter unha estreita colaboración en materia de promoción de estilos de vida saudables entre a Xunta de Galicia e os concellos e as entidades privadas sen ánimo de lucro financiados.

Subvencións para programas de carácter sociosanitario

O Consello da Xunta aprobou, ademais, a orde pola que se convocan as subvencións para programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito das drogodependencias e os trastornos aditivos, con cargo á asignación do 0,7% do IRPF, xestionado pola Consellería de Sanidade.

Esta convocatoria conta cun orzamento de 377.375 euros e vai destinada a programas de asociacións privadas sen ánimo de lucro que favorezan, entre outros aspectos, a incorporación social como apoio ao tratamento das persoas diagnosticadas, a mellora da súa capacidade funcional para acadar unha maior empregabilidade, e a consolidación da atención ás novas adiccións (con e sen substancia). Tamén abarca programas que posibiliten a mellora no tratamento e no seguimento das persoas con adiccións crónicas e de maior idade, a implementación de recursos e programas para a atención á patoloxía dual, o fomento da atención integral ás persoas con adiccións incorporando os condicionantes de xénero e a mellora da atención sociosanitaria aos menores con trastornos adictivos e as súas familias.

Para conseguilo, establécense tres liñas de axudas. A primeira delas, que é nova nesta convocatoria, subvenciona proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención a persoas drogodependentes. A segunda liña céntrase en programas de incorporación social e inserción sociolaboral de persoas con trastornos adictivos. Por último, a terceira liña destínase a programas de atención integral ás persoas con trastornos adictivos.

A planificación estratéxica vixente en Galicia en materia de trastornos adictivos segue as prioridades e liñas de actuación definidas tanto pola Estratexia nacional sobre drogas como pola Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO INICIO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE FERROL

- ***O Consello da Xunta aproba a tramitación da ampliación do CHUF, posibilitando que comecen os traballos da fase I, que inclúen a construción de dous novos edificios e un aumento da superficie do Marcide dun 54%***
- ***O orzamento para esta fase é duns 50 millóns de euros e forma parte do Plan director do Complexo Hospitalario de Ferrol, cun orzamento total de 130 millóns de euros.***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a tramitación da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF), o que permitirá avanzar na execución do Plan director do complexo. Con esta aprobación, dáse luz verde ao comezo das obras da fase I do plan, cun orzamento de preto de 50 millóns de euros.

Esta primeira fase, prevé a construción de dous novos edificios, polo que a superficie do hospital Arquitecto Marcide pasará dos 43.326 m² aos 66.699 m², o que supón unha ampliación dun 54%.

A fase I implica a construción de dous novos edificios, un asistencial e outro de apoio, e comeza por áreas funcionais asistenciais prioritarias definidas no Plan director. Esta fase prevé actuacións de mellora fundamentalmente en varios servizos hospitalarios: plantas de hospitalización, urxencias, UCI pediátrica e de adultos, neurociencias, cardioloxía, diálise, radioloxía, farmacia e cociña.

Nestas obras da Fase I do Plan Director do CHUF tamén se contemplan una serie de actuacións no Hospital Naval, concretamente unha serie de reformas interiores para habilitar os espazos necesarios para o traslado de servizos dende o Hospital Arquitecto Marcide.

O contrato para a execución desta fase licitouse a través da Axencia Galega de Infraestruturas e adxudicouse á UTE Acciona-San José- Prace, por un importe de 49.344.595 euros.

Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

O Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol está deseñado para atender uns 212.000 habitantes de 20 concellos.

O investimento total previsto para o plan é de 130 millóns de euros e abrangue os tres hospitais públicos de Ferrol: o Arquitecto Marcide, o Naval e o Novoa Santos. Preténdese deste xeito potenciar a especialización e capacidade de resolución destes centros. Así, o Arquitecto Marcide terá un perfil médico-cirúrxico, cunha área de críticos (UCI), materno-infantil e urxencias. En canto ao Hospital Naval, vai integrar a cirurxía sen ingreso, a atención á cronicidade, a psiquiatría e a rehabilitación. O Hospital Novoa Santos dedicárase ao ámbito formativo e docente.

O plan implica un incremento do 27% na superficie total, con máis de 109.000 metros cadrados; aumentará o espazo destinado ás urxencias, as camas incrementaranse nun 25%, os quirófanos, nun 33%, e as consultas externas, nun 27%.

Ademais, o Plan director amplía a carteira de servizos e evita con iso o desprazamento dos pacientes a outras áreas sanitarias. Así mesmo, permitirá mellorar a atención integral, a prevención, a asistencia e rehabilitación, coa mellora de prestacións como cirurxía vascular, a rehabilitación cardíaca e pulmonar e a radioloxía vascular intervencionista.

A XUNTA ABRE UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS SOCIAIS CON CARGO AO 0,7% DO IRPF

- ***Financiaranse actuacións nos seguintes eixos: accións de inclusión social e de asistencia a persoas maiores, con discapacidade, infancia e mocidade; loita contra a violencia de xénero e o fomento da igualdade e prevención e atención integral a persoas con trastornos adictivos***
- ***A contía mínima que se destinará en total ascende a 12,5 millóns de euros, a mesma que o ano pasado, pero está pendente de que o Goberno central comunique o incremento que aplicará en función do crecemento da recadación do IRPF***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á apertura da nova convocatoria de axudas ás entidades do terceiro sector para o desenvolvemento de programas de interese xeral e con fin social financiados con cargo ao 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para o ano 2019.

As actuacións que se financiarán con estas achegas responden aos seguintes eixos: accións de inclusión social e de asistencia a persoas maiores, con discapacidade, infancia e mocidade; loita contra a violencia de xénero e o fomento da igualdade e prevención e atención integral a persoas con trastornos adictivos

As comunidades autónomas xestionan o 80% da asignación tributaria do 0,7% desde 2017, tras unha sentenza do Tribunal Constitucional que cambiou a situación anterior en que todo o reinvestía o Goberno central. Por primeira vez, a estas alturas do ano, o Goberno central aínda non comunicou cal será a cantidade definitiva para repartir entre as entidades de acordo co crecemento na recadación do IRPF. O que si asegurou o Executivo central é que a contía mínima será a mesma que o ano pasado, que no caso de Galicia ascende a 12,5 millóns de euros.

Do total destes fondos, a maior parte, 11,5 millóns de euros, distribuíraos a Consellería de Política Social. Do millón de euros restante, os máis de 450.000 euros correspondentes a actuacións de fomento da Igualdade canalizaranse a través da Vicepresidencia e outros 500.000 euros por medio de Sanidade.

A orde que xestiona Política Social sufragará accións destinadas á atención e promoción da autonomía persoal, promoción da participación da xuventude e o voluntariado, intervencións que beneficien a persoas en risco de exclusión social (incluíndo poboación xitana, poboación reclusa e exreclusa, refuxiados, asilados e migrantes, entre outros). Ademais, subvencionaranse investimentos en equipamento, obras de adaptación e rehabilitación, e adquisición de vehículos adaptados relacionados con centros e unidades de atención de maiores e de persoas con discapacidade.

Para facilitar a tarefa das entidades, anticiparáselles o 100% da axuda. As achegas concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que estarán abertas a todas as

entidades que propoñan a realización dun programa que se axuste aos obxectivos desta convocatoria.

Promoción da igualdade

As axudas destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero publicáronse no DOG o pasado 29 de agosto.

Subvencionaranse actuacións de acollemento, atención, asesoramento e formación para mulleres en situación de vulnerabilidade; en especial as que impulsen o emprendemento e o autoemprego daquelas que viven no rural co obxectivo de mellorar a súa inserción laboral. Tamén se sufragarán programas de conciliación para mulleres en situación de vulnerabilidade, persoas con discapacidade, dependentes e persoas maiores; así como actuacións para o tratamento da saúde integral e sobre a sexualidade das mulleres.

Por outra banda, serán subvencionables as accións de prevención e loita contra a violencia de xénero e apoio ás vítimas como é o caso dos programas de acollida e aloxamento que coadxuven na protección e seguridade destas e dos seus fillos e fillas. Ademais de financiar actuacións de apoio e tratamento dirixidas a mulleres vítimas da violencia e especialmente vulnerables, como mozas e adolescentes, as que teñen algunha discapacidade, as mulleres maiores que residen no medio rural, as inmigrantes ou as pertencentes a minorías étnicas.

GALICIA ESTUDA O DESENVOLVEMENTO LARVARIO DOS BIVALVOS PARA BUSCAR O XEITO DE MELLORAR E AUMENTAR A PRODUCCIÓN EN CRIADOIRO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para analizar a forma de obter exemplares máis competentes no paso da fase larvaria á adulta***
- ***Os resultados obtidos axudarán a mellorar e incrementar a produción de semente e contribuirán a solucionar os problemas de abastecemento do sector***
- ***O orzamento do acordo, de máis de 36.000 euros, ten como obxectivo compensar os custos en que incorre a institución académica para a realización da súa parte dos traballos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago (USC) para estudar o xeito de mellorar e aumentar a produción de semente de moluscos bivalvos en criadoiros froito dun mellor coñecemento das distintas fases do desenvolvemento larvario, especialmente a fase en que as larvas pasan a adquirir aspecto de animal adulto. O executivo galego destina ao desenvolvemento da acción de investigación un orzamento de máis de 36.000 euros repartidos en tres anualidades -2019, 2020 e 2021- coa finalidade de compensar os custos en que incorre a USC para o desenvolvemento dos seus traballos.

A acción de investigación *Optimización da produción de semente de moluscos bivalvos: Descrición de cambios anatómicos e estruturais durante o desenvolvemento larvario e metamorfose. Identificación e caracterización de receptores que determinan a competencia larvaria* supón continuar co estudo da produción de semente en criadoiros pero, neste caso, para afondar nas distintas fases do desenvolvemento larvario. O estudo centrarase na metamorfose, a fase en que os exemplares adquiren aspecto de adultos, e no mellor momento para que ese cambio se produza, co obxectivo de poder inducilo e así obter exemplares máis competentes, co que melloraría a produción.

O convenio aspira a que os traballos conxuntos do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, e da USC permitan tomar as mellores decisións no manexo do cultivo en criadoiro e predicir o momento en que as larvas están nas condicións óptimas para poderen ser inducidas á metamorfose. A identificación de indutores químicos tamén permitirá desenvolver protocolos de rutina, económicos e efectivos para mellorar os procesos e conseguir mellores resultados.

O CIMA de Ribadeo dispón das instalacións necesarias para a obtención das larvas dos moluscos bivalvos obxecto do estudo -navalla e ameixa (babosa, fina ou xaponesa)- mentres que a USC pon á disposición os seus coñecementos e a capacidade para desenvolver a tecnoloxía necesaria e acadar os obxectivos fixados, co que as dúas entidades se complementan para o desenvolvemento dos traballos.

Os resultados axudarán a avanzar no coñecemento das distintas fases larvarias durante o cultivo en criadoiro, o que contribuirá a mellorar e aumentar a produción de semente

competente, un aspecto chave na actualidade pois a capacidade de produción de semente en criadouro está lonxe das necesidades do sector, que sofre problemas de abastecemento. Esa mellora na produción facilitaría unha maior sustentabilidade e rendibilidade dos bancos marisqueiros da comunidade.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo, será creada unha comisión de seguimento por un membro da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e un representante da USC. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio.

Esta investigación súmase a outras xa en marcha coa finalidade de mellorar a produción de semente en criadouro como é o caso doutra aprobada na primeira metade do ano pola que o CIMA e a USC colaboran para estudar o xeito de reducir os episodios de mortalidade nos cultivos larvarios en criadouros, outro dos problemas existentes na actualidade e que impiden contar con exemplares suficientes para cubrir as necesidades do sector.

AS PEMES GALEGAS DO SECTOR TRANSFORMADOR DE PRODUTOS DO MAR BENEFÍCIANSE DE MÁIS DE 11 MILLÓNS EN AXUDAS PARA MELLORAR AS SÚAS INSTALACIÓNS

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria deste ano das achegas, con 55 proxectos aprobados***
- ***As actuacións previstas xerarán un investimento total de máis de 26 millóns de euros na comunidade autónoma***
- ***Os proxectos permitirán acometer melloras como a optimización dos procesos de transformación, a innovación no procesamento do peixe, a adquisición de equipamentos ou melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras***

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria de 2019 de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura en que se detalla a aprobación de 55 solicitudes por un importe de preto de 11,6 millóns de euros. Estas achegas permitirán acometer melloras como a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesamento de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas de transformación de produtos do mar e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), son pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen, entre outras cuestións, a aforrar enerxía, mellorar a seguridade, optimizar os procesos de transformación e contar con novos produtos e procesos ou mellores sistemas de xestión.

As achegas aprobadas no marco da convocatoria de 2019 teñen como destino proxectos que se desenvolven tanto este ano como o próximo, co que o investimento se reparte nesas dúas anualidades, con 5,4 millóns de euros para este ano e algo máis de 6,1 millóns para 2020. Estas axudas xerarán un investimento total de máis de 26 millóns de euros na Comunidade Autónoma.

O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador dos produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o impacto no ambiente, promova a innovación e mellore a súa condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e mellorar os seus resultados económicos.

Convocatorias anteriores

Das convocatorias de 2016, 2017 e 2018 desta orde de axudas beneficiáronse preto de 130 pemes de transformación de produtos do mar por valor de máis de 30,7 millóns de euros. A través delas, subvencionáronse, entre outros proxectos, algúns relacionados coa posta en marcha de industrias de procesamento de peixe, con equipamentos para a mellora dos

procesos de transformación, coa innovación no ámbito de novos e mellores procesos, coa mellora no tratamento de residuos e o aforro enerxético.